


Arte Bizantino

Arte Bizantino



- A división do Imperio Romano no 395 á morte de Teodosio entre os seus fillos Arcadio e Honorio fixo que os dous mundos tomaran camiños moi diferentes, mentres que Occ. seguiu o modelo romano, no de Or. tomaron as formas gregas.
- A capital do Imperio Occ. será Bizancio, chamada Constantinopla (en honra de Constantino o Grande, en 330), actualmente chámase Estambul.
- Mantén elementos romanos como os materiais, os arcos de medio punto e as columnas clásicas como soporte pero tamén empregan outros elementos como o emprego sistemático do abovedamento, o uso de pechinas, o emprego de “cimacios” para elevar os arcos ou a sobredecoración dos capiteis.
- Xeralmente os edificios son de pranta centralizada (a cúpula é importantísima) e cun atrio ou nártex (heredado do arte paleocristiano) para acceder a eles.
- Son fundamentais as artes plásticas: mosaicos, pequenas esculturas relixiosas, relevos e aurivesaría. Empregarán materiais preciosos como ouro e prata e tamén marfil e esmaltes.
- Aparición dos Pantocrátor.

Santa Sofía de Constantinopla

- Igrexa adicada ao Espírito Santo, construída entre 532 e 535 durante a época de Xustiniano I en Constatinopla.
- Deseñada por Antemio de Tralles e Isidoro de Mileto.
- Pranta casi cadrada, cunha cúpula central, sen tambor e rodeada de 40 pequenos contrafortes-ventanas, sobre pechinas, que reposa sobre catro arcos.
- O enorme peso é sostido por dúas semicúpulas que fan de contrafortes e con contrafortes adosados aos muros no exterior.
- Tras a ocupación polos turcos otomanos foi convertida en mesquita → os grandes medallóns caligráficos e os 4 minaretes...





Santa Sofía de Constantinopla



San Vital de Rávena

- Igrexa de época Xustiniana, consagrada en 547.
- Pranta central, cun dobre anel octogonal q forma un deambulatorio -con tribuna.
- A cúpula semiesférica sobre un cimborrio octogonal, sostenida por piastras con exedras.
- O acceso é por un nártex de dúas portas laterais que separaba a homes e mulleres.
- O material principal é ladrillo pero no interior, con fin decorativo ten mármores e pinturas ao fresco.
- O principal valor estético é a luz que inunda o edificio
- Destacan os **mosaicos** (ver seguinte diapositiva)




San Vital de Rávena

- A decoración cristiana nos mosaicos, moi abundante, con Deus salvando aos homes por medio da Eucaristía ocupa os lugares centrais e máis altos, os santos ocupan lugares intermedios.



San Vital de Rávena

- Os mosaicos máis importantes son dos emperadores Xustiniano e Teodora **(están nas seguintes diapositivas)**.
- Representan a presunta cerimonia de consagración de San Vital, pero é unha figuración porque os emperadores eran moi maiores cando eso sucedeu, o resto de personaxes están ben identificados e son recoñecibles polos seus retratos.
- Características: Isocefalia, hieratismo, frontalidade, ausencia de perspectiva e de movemento, “horror vacui”, idealización nos rostros —dentro do realismo.
- Os monarcas están no centro e teñen as vestimentas máis ricas e ademáis de ir coronados —poder terrenal— llevan un nimbo (halo de santidad) —poder espiritual.
- O resto de personaxes, dispoñense simétricamente en torno a Xustiniano e Teodora, canto máis preto están de eles, máis importantes son, e, ademáis, levan uniformes propios do seu rango (casullas para os eclesiásticos, togas para os funcionarios, armas para os soldados)
- A perspectiva substituíuse por un fondo neutro, dourado e verde no mosaico de Xustiniano, e por un esquemático fondo arquitectónico no caso do de Teodora.




San Vital de Rávena

Mosaico do Imperador Teodosio.



San Vital de Rávena

Mosaico da Emperatriz Teodora.



San Marcos de Venecia

- Igrexa cristiana feita desde 828 en distintas etapas ata a definitiva consagración en 1073.
- Planta de cruz grega
- Gran cúpula sobre o cruceiro e os brazos (5 cúpulas en total)
- Albergaba o corpo de San Marcos traído desde Constantinopla.
- O goberno da República impuxo un imposto para a súa construción o que explica a diversidade de decoración en canto a formas e materiais.
- Rica decoración en mármore e mosaicos.
- Durante a Plena e Baixa Idade Media foi remodelada e aumentada

